

NAVEGACIÓN EN DORNA

As características da forma da dorna confírenlle a esta unhas magníficas condicións de navegación, tanto a boga como a vela.

Unha vez na auga, o mariñeiro impulsa a súa dorna mar adentro cos remos. Os remos da dorna constan de dous corpos, guión e pala, que os fan especialmente longos para a boga no mar picado.

Cos remos cruzados, a man dereita move o remo da arca e a esquerda o de couse, logrando un equilibrio tal que os remos son susceptibles de ser manexados con unha soa man cando o oficio así o require, como podería ser nos momentos de subi-la pesca ou na captura de centolas co mirafondos.

Por outra banda, en distancias curtas e dornas pequenas, é normal que a boga sexa ó revés, ou sexa, mirando a proa e traballando contra o tolete.

De tódolos modos, o sistema de propulsión máis común nas dornas é o vento, sobre todo nas grandes.

O timón fai non só de instrumento de goberno da embarcación, senón que contribúe a súa estabilidade cando está en movemento, e funciona ademais como orza. Este sistema é propio da maioría das embarcacións de vela en Galicia.

A verga da vela é de piñeiro, construída dun tronco ó que se lle machaca a corteza, de modo que a resina penetre na madeira e contribúa así a súa curación.

